

PREGUNTA DE AER SOBRE A VARIOS ASUNTOS (Rex. Entrada 30.05.2018, 2018-E-RE-711).

PLENO 07 XUÑO 2018. ACTA 08/2018

O Sr. Javier Bastos dá lectura das seguintes preguntas:

4. Sobre a modificación do regulamento dos consellos parroquiais municipais. Visto que para o ano 2019 haberá novamente eleccións municipais unha vez remate o actual mandato, preguntamos

Dará rematado o goberno municipal o longo e arduo labor de presentar un borrador definitivo de regulamento dos consellos parroquiais municipais ou será esta unha encomenda xa da vindeira corporación municipal?

Resposta Sr. Álvarez: os Consellos Parroquiais están funcionando perfectamente, están saíndo os participativos. Fai pouco o sr. Secretario fixo informe de que son abertos. Houbo moito cambio de secretarios e ata agora non se puido abordar.